

O ENSINO DA LINGUA FRANCESA (LINGUA C)

Estudios de Traducción e Interpretación

Luisa Armán Lomba
Universidade de Vigo

INTRODUCCIÓN

A necesidade dunha revisión das metodoloxías do ensino da lingua francesa en Traducción e Interpretación resulta un feito evidente.

En efecto, a inercia á cal poderían conducirnos os estudos filolóxicos debe ser cuestionada. Un método inductivo que permita adquirir unha certa competencia é máis importante cá aprendizaxe irracional dos meta-coñecementos que agrupan un abano máis ou menos completo de regras gramaticais, de listas de vocabulario ou de verbos irregulares. Non se trata emporiso de descoidar este nivel de coñecementos senón de, ademais, combinar varias facetas da aprendizaxe susceptibles de forma-lo alumno, tanto para a localización da fonte documental como para o coidado gramatical posto nos seus traballos.

Os profesionais da traducción deben saber aplica-la competencia que

lles é propia, posuíndo asemade uns coñecementos máis ou menos pasivos de sociolingüística, de psicoloxía social da lingua, etc., que lles permiten adapta-lo seu estilo ó obxecto dunha comunicación concreta.

Este traballo propón un programa para o primeiro ano de lingua francesa en Traducción e Interpretación, co obxectivo primordial de contribuír á precisión da óptica ou tendencias habituais de aprendizaxe sen propoñer, non obstante, un calendario de actividades nin de prioridades específicas. A este respecto, a evolución particular do alumno obriga a flexibiliza-la aplicación do programa.

Cómpre, así mesmo, ter en conta o feito de que, ó longo dos tres anos de estudio da lingua C, a estreita colaboración e a axeitada coordinación do corpo de docentes permitiranlle ó estudante adquirir un nivel de coñecemento da lingua francesa semellante ó dun estudante de lingua francesa 2ª lingua (lingua B),

partindo do feito de que nun certo momento da súa formación, os dous niveis poderían converxer e sería inadmisíbel que un alumno de lingua C estivese en condicións de inferioridade.

A nosa proposta para un programa de lingua francesa en Traducción e Interpretación leva consigo dous obxectivos ben diferenciados:

- a) A lingua
- b) A iniciación á traducción C (francés) en A1 (español) / A2 (galego)

A miúdo podemos observar entre os alumnos un rexeitamento cara ó estudio da lingua debido a que o simple título de “traducción” os leva a pensar que a disciplina relacionada con este concepto xoga un papel fundamental. Unha frase que a miúdo se escoita entre eles é “¿traducción e interpretación? ¿iso non é filoloxía!” Evidentemente, encuberta, descansa a idea de que a análise exhaustiva da lingua non formará parte dos seus estudos, o que, dalgún xeito, non é totalmente falso. Velaí o motivo polo que o profesor se ve na obriga de lles presenta-lo estudio da lingua de modo diferente. Pola contra, debe insistir sobre o feito de que os erros na traducción derivan case sempre da falta de coñecementos da lingua en cuestión, non soamente da lingua C senón tamén das linguas A1 e A2 no seu aspecto normativo (gramatical ou estilístico).

No que se refire á traducción, a aprendizaxe debe basearse nunha perspectiva técnico-práctica que se aproxime, na medida do posible, ás condicións reais de traballo e que insista sobre o rigor da procura bibliográfica e documental, sobre todo no momento de acomete-lo aspecto da traducción especializada, modalidade na cal os alumnos atopan dificultades para capta-la especificidade.

algunos manuais de traducción de carácter general pasan sobre el tema de la traducción técnica (es decir, de la traducción de textos de contenido científico y técnico) como sobre ascuas. Escritos a menudo por profesionales de la lengua escasamente familiarizados con el mundo de la terminología, resuelven los pocos párrafos con que se deshacen del tema, refiriéndose a la precisión terminológica y a la necesidad de documentarse debidamente (...) un primer momento en la operación de traducir consiste en comprender el texto original. La primera obligación es efectuar el trabajo de documentación que las circunstancias impongan¹.


ASPECTOS XERAIS DO PROGRAMA

A) A LINGUA

1. FONÉTICA, ORTOFONÍA E FONÉTICA FUNCIONAL. A PROSODIA

Esta fase engloba a iniciación á transcripción fonética, a articulación correcta dos propios fonemas e os

1 R. Gómez Díaz, “Los elementos básicos de la traducción técnica”, *Terminología y Traducción*, 3, 1991, 141-142.



Nas traducións de textos literarios adoitábase indica-los méritos do traductor como sinal de garantía.

exercicios de fonética suprasegmental (entoación). Os exercicios realizaranse nun laboratorio de linguas, por un profesor bilingüe do país, no que atangue ás linguas A, para practica-la fonética contrastiva (galego-español). O seu dominio e asimilación correcta deben ser supervisados con atención, e será obxectivo principal a consecución dunha pronuncia correcta. Velaí o motivo polo cal esta etapa dun mes de aprendizaxe deberá ter lugar ó comezo do curso.

La prosodie: (accentuation, intonation, rythme) trouvera tant naturellement dans de tels exercices la place importante qui lui est due. Ainsi les exemples de l'exercice C demanderont dans la plupart des cas à être oralisés de plusieurs manières différentes par l'enseignant ou par un enseigné, de manière à ce que lui puisse être perçu tel ou tel sens².

2. A PRÁCTICA GRAMATICAL

O noso programa afástase da didáctica tradicional, da lección maxistral,

² Renaud Mery, "Traduction interlinguale, traduction interlinguale et enseignement d'une langue vivante étrangère", Cercle Linguistique d'Aix-en-Provence, *Travaux 10*, Centre des Sciences de Langage, 1993, 65-84.

para apostar por unha utilización xeneralizada de obras de referencia. Para isto, o emprego cotián na clase dunha gramática e dun diccionario será indispensable e permitirá contrastar e valora-la validez de certas respostas.

Es importante ser conscientes de nuestra ignorancia. Ya que ningún traductor puede saberlo todo (ni sobre sus lenguas de trabajo ni sobre todos los contenidos posibles), busquemos la implicación positiva de esta realidad inevitable: la ignorancia podrá ser subsanada si sabemos que no sabemos y qué no sabemos. Es decir, no es peligroso que un traductor ignore algo, sino que se dé cuenta o no se avenga a reconocerlo. Por el contrario, en la medida en que reconozca su falta de conocimientos en un caso determinado estará en condiciones de superar el problema. En cambio, la ignorancia no conocida o reconocida dará traducciones equivocadas³.

3. CAMPOS SEMÁNTICOS: NOVOS HORIZONTES

Cada ano constatamos entre os nosos alumnos a evidencia dunha gran lagoa desde o punto de vista do vocabulario. Os seus coñecementos limítanse practicamente a palabras de uso frecuente ligadas ó seu contorno máis próximo. Se nos trasladamos a outros dominios (ciencia, técnica, etc.) os seus coñecementos son moi escasos.

Intentarase polo tanto familiariza-los nosos alumnos con tecnolectos

de ámbito científico, linguas especializadas moi afastadas da lingua menos pragmática á que eles están afeitos.

Les services d'aide aux étudiants et les professeurs d'université sont peu loquaces sur les difficultés posées par les mots de science ainsi que sur les techniques de maîtrise de leurs concepts. La raison est double:

— Au contraire de celle du vocabulaire courant, en effet, la connaissance du vocabulaire de spécialité n'est pas supposée acquise à l'entrée de l'université.

— Surtout, les difficultés que pourraient poser les concepts des sciences ne semblent pas avoir été repérées et étudiées par les pédagogues et les scientifiques⁴.

Ademais do vocabulario activo de base da lingua francesa, o alumno deberá recompilar, ó longo dos estudos de lingua francesa C1/2/3 por medio de fichas terminolóxicas, un corpus suficiente e artellado en campos semánticos:

les champs sémantiques par l'acquiescement s'inséreront, par exemple dans des situations de communication telles que le résumé critique livre ou d'un débat sur un thème donné. Lors des cours de conversation, les exercices choisis devraient être adaptés aux fonctions communicatives et aux champs sémantiques vus par les étudiants de manière à activer leurs connaissances⁵.

3 G. Antoni Torrents, "La traducción en equipo", *Terminología y Traducción*, 2, 1994, 388.

4 C. de Shaetzen, "La barrière du vocabulaire", *Banque des Mots*, 43, Paris, 15-50.

5 Jean-Pierre Colson, "Ébauche d'une didactique des expressions idiomatiques en langue étrangère", *Terminologie et Traduction*, 213, 1992, 165-179.

4. LECTURA DE TEXTOS

a) Tipoloxía textual.

Seguindo a Delisle⁶, faremos unha distinción entre *textos pragmáticos* e *textos non pragmáticos*.

Os textos pragmáticos son aqueles que teñen por obxectivo a transmisión de información. Aquí inclúense os textos especializados, técnicos, como os artigos de prensa, a correspondencia comercial, os despregables, a información turística, etc.

Os textos non pragmáticos e literarios posúen unha linguaxe connotativa, simbólica ou alegórica. A forma é un fin en por si.

Newmark⁷ establece a tipoloxía seguinte:

- Textos *expresivos* nos cales o traductor pode discerni-lo idiolecto do autor: textos políticos, académicos, etc.
- Textos *de información*, con carácter neutro e obxectivo; a súa finalidade atópase na realidade extralingüística: libros de texto, informes, textos científicos ou técnicos, etc.

- Textos *vocativos*: os que atraen a atención do lector, publicidade, divulgacións, etc.

O noso programa, en referencia ó anterior, distingue as seguintes categorías:

- textos xornalísticos
- textos sociolóxicos
- textos económicos
- textos xurídicos
- textos científicos
- textos técnicos
- textos de organismos internacionais
- textos publicitarios
- textos turísticos
- correspondencia comercial

b) Metodoloxía textual.

A clase iníciase coa lectura dun texto en lingua francesa, co fin de extrae-la estrutura e o sentido. O alumno debe

apprendre à lire un texte, c'est-à-dire à le lire de près: l'analyser, le décortiquer. La contraction, le résumé sont ici de bons exercices. Lire, la plume à la main, les expressions, les images, les métaphores, etc. Bien lire exige beaucoup de connaissances et de jugement⁸.

O procedemento é o seguinte: preguntas *verdadeiro/falso*, opción

6 Jean Delisle, *Translation: an interpretative approach*, Ottawa, University of Ottawa Press, 1988.

7 Peter Newmark, *A textbook of translation*, Nova York, Prentice-Hall, 1988.

8 Jacques Flamand, "Place d'un cours de rédaction dans un programme de formation de traducteurs professionnels", Jean Delisle, *L'enseignement de l'interprétation et de la traduction*, Ottawa, 1981, 247-253

múltiple, orde secuencial de puntos clave, exercicios con ocios para a cohesión de ideas; reconstrucción de textos despois de que o profesor elimine ó chou certo número de palabras; resumo ou paráfrase do texto; síntese e contracción dos diversos tipos de textos; anotacións para subliñar os aspectos máis importantes e reformulación do texto estimulando a fluidez verbal do estudante; aplicación concreta das expresións idiomáticas no seu contexto, dando por feito que este lles permite:

aux expressions de se réaliser. Elles vont en effet, de pair avec des situations bien précises et il faut apprendre aux étudiants à ne pas les mettre à toutes les saucés⁹.

5. A REDACCIÓN NOS ESTUDIOS DE TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN

Deste programa que acabamos de expoñer poderíase deducir facilmente que nós pretendemos estimular, no caso dos alumnos, a redacción na lingua C.

Na nosa universidade formamos tradutores cara á súa lingua materna A1/A2 (español/galego). Esixi-la opción traductora inversa sería algo ilusorio. Non obstante insistiremos,

en colaboración cos profesores das linguas A, na práctica dunha redacción correcta.

Même s'il arrive à l'école de traduction avec une très bonne connaissance de sa langue maternelle, le futur traducteur doit s'initier aux différents types de rédaction ou s'il les connaît déjà pour les avoir pratiqués, les préciser pour mieux les employer et mieux écrire (...). Aussi est-ce le devoir de n'importe quelle école de traduction d'attirer l'attention de ses élèves sur l'importance de la rédaction dans l'opération traduisante et, davantage, de leur offrir les instruments pédagogiques pour qu'ils se préparent à être véritablement les traducteurs-rédacteurs dont la profession a besoin¹⁰.

Por iso propoñémo-lo seguinte itinerario:

Elección do texto en C –lectura– comprensión en tempo limitado – elección dos conceptos principais – recreación en A1/A2 segundo a elección.

6. DICTADO LÓXICO-ESTRUCTURAL

É abondo coñecido que, de acordo co seu espírito cartesiano, o francés mostra unha marcada preferencia pola orde lóxica. O que distingue a nosa lingua das linguas antigas e modernas, escribe Rivarol no seu *Discurso*,

c'est l'ordre et la construction de la phrase. Cet ordre doit toujours être direct et

⁹ Jean-Pierre Colson, "Ebauche d'une didactique des expressions idiomatiques en langue étrangère", *Terminologie et Traduction*, 2/3, 1992, 165-179.

¹⁰ Jacques Flamand, "Place d'un cours de rédaction dans un programme de traducteurs professionnels", Jean Delisle, *L'enseignement de l'interprétation et de la traduction*, Ottawa, 1981, 247-253.

COBRA FLASH

COMMENT UTILISER LE FLASH COBRA AUTO 210

COBRA®

AUTO 210

1. MONTAGE DES BATTERIES (DES.A)

Le flash doit contenir 4 piles 1.5 Volt. (GÉN. AA). Action: Pour ouvrir le compartiment à piles (2) faire glisser le couvercle vers le dos du flash. Introduction des batteries comme indiqué sur le diagramme à l'intérieur de ce compartiment. Fermer le compartiment à batteries en faisant glisser le couvercle vers le devant du flash. Quand le temps de charge dépasse les 30 secondes, les batteries sont périmées et doivent être remplacées. Quand elles cessent de plus utiliser le flash pendant une longue période, éviter toujours les batteries afin d'éviter d'endommager le flash des batteries usées.

Toutefois, des vitesses inférieures à la vitesse de synchronisation recommandée peuvent être utilisées afin d'obtenir un meilleur éclairage de profondeur. Par contre ne jamais utiliser des vitesses supérieures à la vitesse de synchronisation, car celles-ci peuvent provoquer des coupures d'image sur les photos.



(DES.A)



(DES.B)

2. BRANCHER LE FLASH SUR L'APPAREIL

Pour monter le flash sur l'appareil, orienter l'anneau de fixation (3). Introduire le sabot du flash dans le guidon de l'appareil et le pousser jusqu'au fond. Faire le flash en faisant descendre l'anneau de fixation en le tirant vers la gauche. Le guidon de l'appareil est muni d'un point de contact.

5. TÊTE INCLINÉE (DES.C)

La tête inclinée permet de contrôler les effets d'éclairage. En basculant la tête inclinée vers le haut (1) l'éclair peut s'en être orienté vers le plafond et diffuser une lumière tamisée sur le sujet. Utiliser toujours une surface légèrement colorée pour faire réfléchir l'objectif. En orientant la tête inclinée, le point du flash est éliminé, car le réflexe entre le flash et le sujet est ajusté. Avant d'incliner la tête inclinée, lire les indications sous l'étiquette "Flash automatique" et "Flash manuel".





ADAPTEUR TÊTE TÊLE (17)

Quand votre appareil est équipé

COBRA FLASHGUNS

USO DEL AUTO 210 COMO UN FLASH NORMAL

COBRA®

AUTO 210

1. COLOCACIÓN DE LAS PILAS (DIAG. A)

El flash necesita cuatro pilas alcalinas 1.5 voltios tamaño AA. Para abrir la tapa del compartimento de las pilas (2), deslícelo hacia la parte trasera del flash. Inserte las pilas de acuerdo con los diagramas del interior del compartimento. Cierre la tapa asegurándola hacia la parte delantera del flash. Si el tiempo de carga del flash supera los 30 segundos, las pilas están gastadas y hay que cambiarlas. Sacar siempre las pilas si no se va a utilizar el flash durante mucho tiempo para evitar daños por fugas de las pilas.

3. CARGAL DE RÉFLEXE (DIAG. C)

El cabezal de rebote de control extra sobre los efectos de iluminación. El flash directo da luz más fuerte que produce sombras que pueden resultar desafortunadas en retratos. Incluyendo el cabezal reboteado hacia arriba, se puede hacer el flash sobre el sujeto y una superficie, para un efecto de iluminación más difusa y suave. El ángulo de rebote es variable. Debe ajustarse de forma que la luz refleje el reflejo a la luz dispersa de golpear la superficie blanca. Utilice siempre una superficie de rebote de color claro para evitar de tener un foto en el. Recuerde que al utilizar el flash reflejado, un reflex de cámara flash, ya que aumenta la distancia flash al sujeto a fotografiar. Para conocer sobre requisitos flash necesario, consulte las etiquetas "Flash automático" y "Flash manual".



(DIAG.A)



(DIAG.C)





TELEADAPTOR (17)

Al utilizar una lente de 95 mm cámara, coloque este adaptador

nécessairement clair... C'est en vain que les passions nous bouleversent et nous sollicitent de suivre l'ordre des sensations, la syntaxe française est incorruptible

O noso obxectivo, ou mellor dito, a nosa pretensión, é que o estudante, gracias a un modelo de exercicios baseados na audición dunha mensaxe lida na clase ou gravada nunha casete, recoñeza, a través do ritmo, da entoación e coa axuda da fonética estudada no comezo do curso, esas palabras que levan consigo certa dificultade, para así reproduciren a mensaxe probable coa axuda de indicios que representen as diferentes categorías gramaticais. Unha revisión posterior coa axuda de materiais diversos (diccionario, gramática, fichas elaboradas polo profesor, etc.) facilitará a composición da mensaxe definitiva.

7. EXERCICIOS DE PARÁFRASE

Despois de ter verificado as capacidades do alumno coa axuda das probas axeitadas, pasarase á realización de exercicios que nós chamamos “de recreación”, é dicir de recomposición de textos que foron mutilados anteriormente.

Os exercicios terán lugar en dúas fases:

Proporcionáselle ó alumno un artigo do xornal de contido non pesado, despois de lle ter suprimido unha columna de palabras correspondente á marxe dereita. Documentándose a partir do contexto que o fragmento ofrece, o alumno deberá recompoñer a totalidade do texto, sen que sexa necesario obter exactamente o mesmo sentido.

Unha vez que o texto está reconstruído, sempre en sesións diferentes (e con intervalos dalgúns días) o alumno disporá dun tempo limitado para ler este texto e tomar un número determinado de notas. Pasado este tempo, retíraselle o texto e entón deberá escribir unha curta paráfrase.

Les exercices de paraphrase permettent d'explorer le système de la langue étrangère (notamment son système de relations paraphrastiques) de l'intérieur. On apprend à penser dans la langue étrangère, en construisant des phrases en langue étrangère, à partir de la langue maternelle (avec tous les risques que comporte cette dernière démarche)¹¹.

B) A TRADUCCIÓN

1) A traducción de A1 (español) e A2 (galego) para C (francés).

Segundo se dixo ó comezo deste artigo, no que se refire ó ensino da

¹¹ Renaud Mery, "Traduction interlinguale, traduction interlinguale et enseignement d'une langue vivante étrangère", Cercle de Linguistique d'Aix-en-Provence, *Travaux 10*, Centre de Sciences du Langage, 1993, 65-84.

lingua C francés, o emprego da traducción debe ser máis ben entendido como unha iniciación ou como un pretexto para o estudo da lingua. Non se trata de intentar conseguir resultados profesionais en traducción respecto ás linguas pasivas. Por suposto é desexable que a calidade sexa dun nivel aceptable; ó longo da súa vida profesional, un traductor especializado en lingua B inglés poderá ser requirido para realizar traduccións de francés.

O alumno estará en condicións de abordar unha traducción pouco

complicada en lingua C no transcurso do derradeiro trimestre.

A nosa proposta metodolóxica é a que segue:

a) Da traducción a nivel da lingua cara á traducción do sentido, sinalando coidadosamente as manipulacións das categorías gramaticais.

Obsérvese que non establecemos a norma de que deben conservarse las categorías gramaticales (traducir sustantivo por sustantivo, preposición por preposición, etc.). Aunque no está mal intentar hacerlo, en

ARNOULD MOREAUX
 L'ENSEIGNEMENT DE LA MÉDECINE
**ANATOMIA
 ARTISTICA**
 DEL HOMBRE



EDICIONES NORMA, S. A. - MADRID

ARNOULD MOREAUX
 Licenciado por el Instituto de 1868
 Miembro de la Sociedad de Anatómicos Franceses
 Licenciado de Anatomía Artística por la Facultad de Medicina
 de París (1868)

**A N A T O M I A
 A R T I S T I C A**

DEL HOMBRE

COMPENDIO
 DE ANATOMÍA ÓSEA Y MUSCULAR

OBRA COMPLETAMENTE NUEVA Y REVISADA EN SU ÚLTIMA EDICIÓN

TRADUCIDA POR EL DR.

JUAN GONZALEZ PEREZ

Medico Adjunto Honorario de la Cátedra II de Anatomía de la Facultad de Medicina
 de la Universidad Complutense (Madrid) - Colección de libros de Anatomía artística
 publicada en 1930, 1935, 1938, 1940, 1945, 1950

PRIMERA EDICIÓN ESPAÑOLA

En la segunda edición francesa
 completamente renovada y mejorada

1931 Segunda

EDICIONES NORMA, S. A.
 Sancho Dávila, 27
 Madrid 28
 1951

Ata hai pouco tempo os textos técnicos ou científicos tíñanos que traducir persoas de análogos coñecementos ós do autor.

la medida en que el intento resulte compatible con los cinco requisitos y con los principios restantes, sí está mal dar una elevada prioridad a esta supuesta norma, como tienden a hacer los traductores no profesionales y los estudiantes de lenguas modernas en general (en sus primeras prácticas)¹².

b) Traducciones en grupo. Comparación de resultados con fin de atopar la mellor traducción posible. É frecuente atoparse cunha molesta dificultade: ó comezo, algúns alumnos (sobre todo os que posúen un coñecemento aceptable da lingua francesa) tenden a considerar infalible a súa traducción, cuestionan a do profesor e, a miúdo, desestímase. Consideran (con bastante lóxica, dito sexa de paso) que non hai criterios obxectivos que establezan prioridades nas diferentes avaliacións:

Pero no sólo es ineludible en muchos casos fijar criterios restringidos y precisos, como intentaremos aquí, sino que, además, los que tenemos la osadía de tratar de hacerlo no tenemos por qué llegar a la doble temeridad de proponer una solución basada en un repertorio de "recetas". En lugar de fórmulas infalibles, nos limitaremos a defender unas pautas inspiradoras. Ni siquiera pensamos que éstas sean las únicas pautas aceptables, pero sí pensamos que tiene que haber unas u otras, expresadas, para que el trabajo en equipo merezca este nombre y sea algo más que una mera simultaneidad de trabajos individuales, plagada de celos y frustraciones, a veces, precisamente por

la falta de criterios comunes bien definidos.¹³

c) Traducción comparada como método de autoavaliación.

Propónse un texto en español ou galego (normalmente literario); o alumno debe traducilo a C. Unha vez concluído o proceso, facilitaráselle a versión do texto de partida que terá sido previamente traducido por especialistas. O alumno dedica entón un tempo a comparar e analiza-la súa traducción cun ollo crítico, o que lle permitirá comprobar se o proceso anterior de documentación e procura terminolóxica foi ou non correctamente realizado. Isto servirá ó mesmo tempo como autoavaliación do profesor e permitiralle verificar se o método empregado foi o correcto.

2) A traducción de C para A1/A2 (español/galego).

Semellante ó caso anterior, intentarase traduci-lo sentido da mensaxe. Florence Herbulot describe coa metáfora seguinte a sensación que debe experimentar un alumno respecto a un texto:

Observons le traducteur confronté au texte nouveau qu'il lui faut traduire. Que fait-il d'abord? Il regarde, il se comporte tout à fait comme un chat devant une

12 G. Antoni Torrens, "Principios técnicos para la traducción anónima (en equipo)", *Terminologie et Traduction*, 2, 1994, 136.

13 G. Antoni Torrens, *op. cit.*, 355.

boîte en carton, bien fermée, inconnue. Que fait le chat? Il est prudent et circospect. Il examine cet objet étranger, il le touche un peu du bout de la patte, il l'interroge, d'abord d'un peu loin, parce qu'on ne sait jamais, puis de près. Que peut-il y avoir à l'intérieur? Il essaie de le retourner, il l'entrouvre et puis, l'explore, une fois qu'il a réussi à l'ouvrir (...). Le traducteur en fait autant. Il s'installe dans son texte et s'y fait une place.¹⁴

Seguindo a Darbelnet¹⁵, o estudante deberá ter en conta unha serie de niveis:

— *nivel semántico*: sen-sentido, contra-sentido, falso sentido.

— *nivel idiomático*: evita-la falta de correspondencia entre a idea e o carácter gramatical, retomando a idea chomskiana de que o que é gramaticalmente correcto non o é sempre desde o punto de vista semántico.

— *nivel estilístico*: o alumno deberá conserva-lo ton do texto orixinal.

— *nivel cultural*: analiza-las diverxencias entre as "alusións" como: títulos de películas, publicidade, slogans, etc.

— *intencionalidade e correspondencia* entre o autor do texto que se traduce e o seu destinatario; e entre o

obxectivo final e o obxecto da traducción.

3) Criterios para a avaliación da traducción

Limitarémonos ós criterios de corrección seguintes:

Baseándonos na proposta de Horguelin¹⁶, estableceremos catro categorías:

Lexibilidade: o texto deber ser comprensible.

Corrección gramatical, sintáctica, estilística, na puntuación, etc.

Exactitude: non transtorna-la mensaxe primitiva.

Exixencias do receptor do traballo realizado.

CONCLUSIÓN

Segundo o exposto anteriormente, despréndese un reformulación a favor dunha práctica máis reflexiva e menos mecánica na aprendizaxe das linguas estranxeiras na universidade, unha aproximación á lingüística contrastiva entre códigos distintos, en primeiro lugar: francés / español / galego,

¹⁴ Florence Herbulot, "Le chat et le pigeon voyageur", *Traduire*, 144, 1990, 9.

¹⁵ Jean Darbelnet, "Linguistique différentielle et traduction", *Colloque International de Linguistique et Traduction*, Montreal, University Press, 1977.

¹⁶ Paul A. Horguelin, *Pratique de la révision*, 24^e édition, Montreal, Linguatex, 1985.

e unha relación interlingüística ou de exploración do sistema da lingua estranxeira, que induza á lingua

estranxeira a realizarse entre a) a reflexión do sistema cara ó interior e b) a proxección deste sistema cara ó exterior.

